

CONTRApoducións e
FOCUS presentan

de Ramón Madaula

O electo

versión e dirección Cándido Pazó

*unha comedia
sobre a vocación política*

con Manu Baqueiro e
Antonio Mourelos



O electo



A piques de dar o discurso de investidura, un recién elixido Presidente da Xunta enfronta un inesperado atranco: un choqueiro tic nervioso ameaza con estragar tan solemne momento. Un psiquiatra acode para o atender e iniciase unha divertida e incisiva batalla dialéctica entre os dous. Que agacha cada quen? Cales son as verdadeiras intencións de un e outro? Que feitos da nosa vida marcan o noso futuro e, sobre todo, a nosa vocación?

*Sempre me inquietou saber cales son as motivacións reais que levan a alguén a ser presidente do seu país. Unha responsabilidade da que fuxiríamos a maioría dos cidadáns. Sospeito que, alén da ambición de poder ou da lexítima cobiza por mellorar o mundo, hai outros motivos que se cadra nin o mesmo candidato coñece. A partir desta premisa inventei **O electo**, unha comedia sobre un Presidente que o día do discurso de investidura descobre os verdadeiros motivos que o levaron a onde o levaron.*

Ramón Madaula



Interpretación e texto soberbios

Transcorre a obra cun continuo discorrer de gags e situacións hilarantes, que se agradecen ben. Se o texto é bo, non lle queda atrás a interpretación de ámbolos dous.

(...) Só queda engadir que a dirección que acomete Cándido Pazó, amosa unha brillante medida do tempo que, entre risos e gargalladas, fíxonos pasar a todos e todas uns momentos maravillosos. Comme il faut!

LA VOZ DE GALICIA

4 / 11 /2019

O electo



Manu Baqueiro e Antonio Mourelos (...) manexan con bo pulso o duelo dialéctico que constrúe o conflito, sen recorrer á parodia explícita pero sen rexeitar as inevitables alusións á actualidade.

A dirección de Pazó tira da sátira, subliñando elementos da realidade galega que o público pode recoñecer facilmente, coidando de que o marco político non perda protagonismo. (...)

Un artefacto cómico que xoga con destreza a desmontar os mecanismos na construción dunha personalidade, dun líder, dunha obra de éxito.

REVISTA GALEGA DE TEATRO

1 / 11 / 19



O electo



MANU BAQUEIRO (O Presidente)

Especialmente coñecido por series televisivas como *Amar es para siempre*, ten demostrado o seu talento como actor de teatro en diversos e celebrados espectáculos (*Homo Sapiens*, *La voz del viento*, *20 años no es nada*, *La ratonera*, *Al final de la carretera*, *El cíclope* y otras rarezas de amor...)

ANTONIO MOURELOS (O Psiquiatra)

Após unha longa experiencia como actor audiovisual (*Los Lunes al Sol*, *Mareas vivas*, *As leis de Celavella*, *Padre Casares*, *Matalobos*, *Serramoura*, *Fariña*, *El secreto de puente viejo*, *El tiempo entre costuras*, *Imperium...*), aporta agora o seu carisma actoral á interpretación teatral.



Cándido Pazó

Autor ou director de espectáculos como *O melro branco*, *Nano*, *Nau de amores*, *Commedia*, *A piragua*, *As do peixe*, *Memorias dun neno labrego*, *O Tolleito de Inishmaan*, *Fillos do Sol*, *A galiña azul*, *A compañeira de piso*, etc.

Con diversos premios Max e María Casares polo seu labor como autor ou director, recibiu os premios de honra das mostras de teatro de Ribadavia e Cangas, é Xograr de Outono do FIOT de Carballo e foi distinguido co Premio da Cultura Galega nas Artes Escénicas.

O electo

Texto orixinal **Ramón Madaula**

Versión galega **Cándido Pazó**

con **Manu Baqueiro** como *Presidente electo* e **Antonio Mourelos** como *Psiquiatra*

Escenografía **Dani Trillo** Música **Manuel Riveiro** Iluminación **Afonso Castro**
Axudante de dirección **Belén Pichel** Producción e administración **Lilian Portela**

Dirección de produción **Sergi Calleja** e **Belén Pichel**

Dirección de escena **Cándido Pazó**

Distribución

Lilian Portela

610106808

info@contraproductions.com



un espectáculo de

en coproducción con

con subvención de

CONTRA
PRODUCTIONS

FOCUS

fiot
CARBALLO

AGADIC

Axencia Galega das
Industrias Culturais